



# Concello de **OURENSE**

## **BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2022 DE OURENSE**

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca o Concurso de Comparsas do Entroido 2022, de acordo coas seguintes bases:

**1.** A participación implica a aceptación destas bases e está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais ou xuvenís, grupos, colexios, etc. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura.

**2.** O desfile terá lugar o domingo 27 de febreiro de 2022 e o percorrido, hora e lugar de saída anunciaranse oportunamente nos medios de comunicación así como ás persoas e colectivos participantes.

**3.** O concurso de comparsas terá un xurado composto por un representante da Concellaría de Cultura, un representante veciñal e persoeiros do mundo da Cultura, do deseño, da imaxe ou da comunicación. Este xurado poderá descualificar aqueles participantes que non reúnan a calidade necesaria, quedando estes sen dereito a premio e axuda.

**4.** Para este concurso establécense os seguintes **premios por categorías** (aos cales, por conta do/a beneficiario/a, deberáselles aplicar o desconto correspondente que marca a Lei). É imprescindible facilitar a ficha de pagamento a terceiros no prazo dos 10 días hábiles seguintes á notificación do premio. De non ser así, entenderase que o/a agraciado/a renuncia ao premio.

### **Comparsas con máis de 10 compoñentes.-**

1º premio	900 €
2º premio	700 €
3º premio	500 €

### **Comparsas con menos de 10 compoñentes.-**

1º premio	400 €
2º premio	300 €
3º premio	200 €

### **Especiais Comparsas.-**

A máis numerosa	300 €
A máis ocorrente ou graciosa	300 €
Mellor animación / musical	300 €

### **Carrozas.-**

Mellor deseño	300 €
Mellor animación	300 €

**5.** Tamén haberá axudas para todos os participantes que completen o desfile e non acaden ningún premio, segundo os seguintes criterios:

### **Carrozas.-**

Para cada unha delas	120 €
----------------------	-------

### **Comparsas.-**

de 5 a 9 compoñentes	60 €
de 10 a 19 compoñentes	90 €
de 20 a 29 compoñentes	120 €



# Concello de **OURENSE**

de 30 a 39 compoñentes	150 €
de 40 a 49 compoñentes	180 €
de 50 compoñentes en adiante	210 €

Baseado na experiencia de anos anteriores, o xurado poderá declarar deserto algún dos anteriores premios e destinar esa contía económica a crear un ou varios accésits nalgunha categoría prevista.

**6.** Para o caso da utilización de carrozas, estas terán que cumprir a normativa vixente en materia de seguridade, para cuxo fin deberá acompañarse a documentación que requira o Concello para tales efectos, se prexuízo do cal:

6.1 Os materiais que se utilicen deben cumprir a normativa de seguridade e hixiene.

6.2 As carrozas deberán cumprir as seguintes normas de seguridade:

1. Cada carroza debe portar o seu extintor debidamente en regra.
2. Designarase a persoa responsable de cada carroza que asumirá a responsabilidade do procedemento da súa evacuación; e a persoa responsable da utilización do extintor, de ser o caso.
3. Documentación e características do remolque e do vehículo tractor (incluído seguro).
4. As carrozas que teñan zonas elevadas para o transporte de persoas, deberán incluír na súa estrutura unha escaleira ou rampla o suficientemente resistente para permitir a evacuación inmediata das persoas que a ocupen.

**7.** As inscricións das carrozas e/ou comparsas faranse a través do **Rexistro Xeral** do Concello e mediante os modelos de inscrición oficiais que se achegan (poderán descargarse desde [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal) ou na concellería de Cultura).

No caso de **Asociacións ou Entidades** a inscrición farase a través de **Sede Electrónica**.

**8.** O prazo improrrogable de inscricións de carrozas e comparsas remata o **martes 22** de febreiro ás 14h.

**9.** A participación nestes concursos leva implícita

- A aceptación destas bases.
- A asistencia ao acto de entrega de premios o Domingo de Entroido e a presenza de, polo menos, dous compoñentes de cada comparsa/carroza no Enterro da Sardiña o mércores 2 de marzo, será imprescindible para percibir, no seu caso, o premio económico.
- Os/As participantes que reciban premio non terán dereito á axuda por participación.
- Non se considerará carroza un vehículo ou unha moto.
- Debido á pandemia provocada pola Covid19 e tendo en conta os diferentes cambios na intensidade do contaxio e da propia normativa sanitaria, a organización poderá requirirles ás comparsas participantes a presentación de probas de antíxenos ou certificado de vacinación a todas as persas compoñentes. En todo caso, seguiranse as indicacións vixentes nesa data.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. A persoa interesada poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a [cultura@ourense.es](mailto:cultura@ourense.es) ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (rúa da Canle 2, CP 32004 Ourense).

Ourense, na data da sinatura electrónica